

Bases edición especial Balconadas 800 aniversario - 2019

O Concello de Betanzos convoca a edición especial de Pintura Balconadas 800 aniversario de acordo coas seguintes bases:

Primeira

Poderán participar todos os artistas maiores de idade de calquera nacionalidade e con obras que non fosen presentadas anteriormente a ningún outro concurso ou certame.

Segunda

Cada artista poderá presentar a selección, unha soa obra con técnica libre e temática restrinxida a Betanzos e a súa historia. As obras presentaranse sen enmarcar, sen bastidores, barras, etc., e levarán no dorso o nome e apelidos do/a autor/a, enderezo, título da obra e ano de realización.

A realización pode ser vertical ou horizontal, cunhas medidas mínimas de 120x160 cm e máximas de 150x200 cm. Terán un soporte flexible (lenzo, tea de saco, loneta, plástico, etc) sen partes ríxidas que poidan cuartearse ou desprenderse coa acción do vento e utilizando produtos inalterables á acción da auga.

O/a artista deberá indicar cunha frecha cal é a parte superior da obra para facilitar á organización o seu colgado.

Á obra presentada achegarase a seguinte documentación, podendo darse por non admitida a obra que non se acompañe desta:

Folla de inscrición cuberta, fotocopia do DNI (ou documento que o substitúa para artistas estranxeiros) e nunha folla a ficha técnica da obra e currículo que non exceda dunha folla tamaño DIN A4 por unha cara.

Terceira

O prazo de recepción de orixinais será do 1 ao 30 de xuño de 2019, en horario de 10:00 h a 13:00 h e de 18:00 h a 20:00 h os días laborables e os sábados de 11:30 h a 14:00 h.

O envío realizarase a portes pagados ao seguinte enderezo:

Edición especial Balconadas 800 aniversario.

Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia, Praza de Galicia s/n

15300 Betanzos, A Coruña, España

Cuarta

Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio indivisible, dotado con 5000 euros. Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.
- Dous accésits dotados cada un deles con 1500 euros. Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

Os premios adxudícanse ás obras, de maneira que se estas son realizadas en grupo, o premio aboarase a unha persoa representante designada polos demais membros, ou ao colectivo sempre que este teña entidade xurídica, así os pagamentos dos premios realizaranse na conta a nome dunha única persoa beneficiaria.

O Concello de Betanzos poderá publicar ou expor estes traballos premiados que quedarán na súa propiedade.

O xurado terá o poder de outorgar até tres Mencións de Honra se o estima oportuno, as cales non levarán asociado ningún premio económico, mais si un diploma acreditativo.

O xurado valorará a adecuación da obra á súa contorna expositiva pola súa técnica, temática e orixinalidade.

Quinta

O xurado, composto por distintas personalidades do mundo da arte, será nomeado pola alcaldesa de Betanzos, actuando como secretario o funcionario designado para ese efecto. A súa composición farase pública con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.betanzos.net).

O xurado que fallará o premio e os correspondentes accésits, e non poderá decláralos desertos, actuará en pleno, en sesión, se é posible única, e será necesaria a asistencia de dous terzos dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas estenderase a acta correspondente. A súa decisión, que será inapelable, darase a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web deste.

Coas obras premiadas e seleccionadas realizarase un catálogo. Así, os/as autores/as das obras autorizan ao Concello de Betanzos, e cédennlle os dereitos correspondentes para poder dispor da reprodución fotográfica destas, coa finalidade de que as poida incorporar ao citado catálogo, á páxina web municipal aos efectos da súa transmisión vía internet, e a calquera outro soporte. Pola súa banda, o Concello de Betanzos comprométese a incluír, xunto á reprodución da obra, o nome e apelidos do seu autor/a.

Sexta

As obras estarán expostas do 24 de xullo ao 28 de agosto nos balcóns das rúas de Betanzos, e a Dirección da Bienal resérvase a decisión de aumentar o tempo de exposición.

A entrega de premios será o 13 de agosto.

Sétima

A retirada de obras, por parte da persoa autora, será do 1 ao 15 de setembro, no seguinte enderezo:

Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia, praza de Galicia s/n, Betanzos, A Coruña, en horario de 10:00 h a 13:00 h e de 18:00 h a 20:00 h os días laborables e os sábados de 11:30 h a 14:00 h.

A partir desta data procederase á súa devolución a portes debidos, pola empresa de mensaxería ou transporte que o ou a participante manifestase, de non ser indicada ningunha preferencia, o Concello realizará a devolución por medio da empresa que estime oportuno, sempre a portes debidos.

Os envíos procedentes do estranxeiro, deberán vir acompañados de “cupóns de resposta internacional de correos”, que cubran a totalidade de gastos de envío.

No caso de que as obras non estean acompañadas dos cupóns sinalados no parágrafo anterior, entenderase que os autores renuncian á propiedade delas.

Oitava

Por exporse as obras nos balcóns da cidade e á intemperie, o Concello de Betanzos non se fai responsable da deterioración, extravío, roubo, etc destas.

Novena

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das presentes bases, que serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello de Betanzos (www.betanzos.net) e no taboleiro de anuncios.